



As Ordes Ministeriais polas que se fixan os complementos de formación, determinan os estudos que os alumnos deberán realizar, de non telo feito previamente, para obter unha determinada titulación accedendo polo segundo ciclo da mesma.

Tendo en conta que os complementos de formación son un déficit formativo que, en función dos itinerarios curriculares, varía dun alumno a outro, establecelos con carácter xeral pode presentar problemas: os alumnos que accedan, poden ter circunstancias académicas distintas ás mínimas establecidas para o acceso, é dicir, materias superadas a maiores. Ademais, estas materias, se pertencen ós complementos de formación, deberán adscribirse ou formar parte do primeiro ciclo que se recoñece para o acceso en todo caso, e non ó segundo ciclo da titulación que se vai realizar, polo que a figura de adaptación ou validación non parece a mais axeitada.

Polo exposto, este Reitoriado **RESOLVEU:**

Primeiro.- Para a superación dos complementos de formación determinados polas Ordes Ministeriais a partir das Directrices Xerais Propias de cada titulación, os Centros poderán determinar para cada alumno as materias que deberá realizar en función do expediente académico do interesado.

O resto dos complementos de formación serán recoñecidos implicitamente pola resolución do Centro que determine as materias que deberán realizar, e figurarán no expediente académico do alumno coa mención xenérica de recoñecidos academicamente, sen cualificación. O dito recoñecemento non terá a consideración de adaptación nin validación de estudos.

Segundo.- As resolucions dos Centros serán aplicadas a todo os alumnos nas mesmas condicións académicas, sen necesidade de nova resolución polas Unidades de Xestión Académica.

Terceiro.- Consonte ó establecido na *Resolución Reitoral de 30 de marzo sobre valoración de expedientes* os complementos de formación, tanto nas materias realizadas como na parte que sexa recoñecida academicamente, non computarán para o cálculo da nota media do expediente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2004

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR/A XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR/A XESTOR ACADÉMICO DE CENTRO - OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.